

CONVIVENCIA

CEIP SANTA BAIÁ
2025-26

Comunidade
Educativa

PROMOCIÓN DA CONVIVENCIA



* Valorar a diversidade


* Tolerancia

* Diálogo

* Respecto

**RESOLUCIÓN DO 5 DE XUÑO DE 2025, DA DIRECCIÓN XERAL DE
ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE DITAN
INSTRUCCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ENSINANZAS DE
EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN
SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO NO RÉXIME
ORDINARIO NO CURSO ACADÉMICO 2025/26:**

“Os centros docentes informarán a principio de curso a todo o alumnado e as nais, pais e persoas titoras legais, especialmente os de nova incorporación no centro, dos dereitos e deberes que establece a normativa –con carácter xeral dos artigos cuarto e sexto da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, e dos artigos 6 e 7 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, así como das medidas establecidas nas normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC)–”



LEI ORGÁNICA 8/1985, DE 3 DE XULLO, REGULADORA DO DEREITO À EDUCACIÓN (LODE)

ARTIGO CUARTO


1. Os pais, nais ou titores legais, en relación coa educación dos seus fillos e das súas fillas ou pupilos e pupilas, teñen os seguintes dereitos:
 - a. A que reciban unha educación, coa máxima garantía de calidade, conforme cos fins establecidos na Constitución, no correspondente Estatuto de Autonomía e nas leis educativas.
 - b. A escoller centro docente tanto público como distinto dos creados polos poderes públicos.
 - c. A que reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
 - d. A estar informados sobre o progreso de aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos e das súas fillas.
 - e. A participar no proceso de ensinanza e aprendizaxe dos seus fillos e das súas fillas.
 - f. A participar na organización, funcionamento, goberno e avaliación do centro educativo, nos termos establecidos nas leis.
 - g. A ser oídos en aquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos e das súas fillas.

LEI ORGÁNICA 8/1985, DE 3 DE XULLO, REGULADORA DO DEREITO À EDUCACIÓN (LODE)

ARTIGO CUARTO

2. Porén, como primeiros responsables da educación dos seus fillos e das súas fillas ou pupilos e pupilas, lles corresponde:

- a. Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos e as súas fillas ou pupilos e pupilas cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan regularmente a clase.
- b. Proporcionar, na medida das súas dispoñibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar. Porén, deberán informar das dificultades que poidan ter os seus fillos ou fillas nos seus procesos de aprendizaxe ou socialización.
- c. Estimularlles para que leven a cabo as actividades de estudio que se lles encomenden.
- d. Participar de forma activa nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que os centros establezan coas familias, para mellorar o rendemento dos seus fillos e das súas fillas.
- e. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e os centros.
- f. Respetar e facer respetar as normas establecidas polo centro, a autoridade e as indicacións u orientacións educativas do profesorado.
- g. Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.
- h. Participar de forma cooperativa en aqueles proxectos e tarefas que se lles propoñan desde o centro educativo.



LEI ORGÁNICA 8/1985, DE 3 DE XULLO, REGULADORA DO DEREITO Á EDUCACIÓN (LODE)

ARTIGO SEXTO

1. Todo o alumnado ten os mesmos dereitos e deberes, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estea cursando.
2. Todo o alumando ten o dereito e o deber de coñecer a Constitución Española e o respectivo Estatuto de Autonomía, co fin de formarse nos valores e principios recoñecidos neles.
3. Recoñéceselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos:
 - a. recibir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.
 - b. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
 - c. A que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade.
 - d. A recibir orientación educativa e profesional.
 - e. A unha educación inclusiva e de calidade.
 - f. A que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas e ás súas conviccións morais, de acordo coa Constitución.
 - g. Á protección contra toda intimidación, discriminación e situación de violencia ou acoso escolar.
 - h. A expresar as súas opinións libremente, respectando os dereitos e a reputación das demais persoas, no marco das normas de convivencia do centro.
 - i. A participar no funcionamento e na vida do centro, de conformidade co disposto nas normas vixentes.
 - j. A recibir as axudas e os apoios precisos para compensar as carencias e desvantaxes de tipo persoal, familiar, económico, social e cultural, especialmente no caso de presentar necesidades educativas especiais, que impidan ou dificulten o acceso e a permanencia no sistema educativo.
 - k. Á protección social, no ámbito educativo, nos casos de infortunio familiar ou accidente.

**LEI ORGÁNICA 8/1985, DE 3 DE XULLO,
REGULADORA DO DEREITO Á EDUCACIÓN
(LODE)
ARTIGO 6**

4. Son deberes básicos do alumnado:
- a. Estudiar e esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento segundo as súas capacidades.
 - b. Participar nas actividades formativas e, especialmente, nas escolares e nas complementarias gratuítas.
 - c. Seguir as directrices do profesorado.
 - d. Asistir a clase con puntualidade.
 - e. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudio no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros e das súas compañeiras á educación e a autoridade e orientacións do profesorado.
 - f. Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, e a diversidade, dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
 - g. Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro educativo.
 - h. Conservar e facer un bo uso das instalacións do centro e materiais didácticos.

**LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO, DE CONVIVENCIA
E PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

ARTIGO 6

Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:
 - a. A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
 - b. A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
 - c. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
 - d. A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
 - e. A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

**LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO, DE CONVIVENCIA
E PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

ARTIGO 6

Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

1. ...

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:


- a. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b. Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d. Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

**LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO, DE CONVIVENCIA
E PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

ARTIGO 7

Dereitos e deberes do alumnado.

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:
 - a. A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
 - b. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
 - c. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
 - d. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
 - e. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.



LEI 4/2011, DO 30 DE XUÑO, DE CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

ARTIGO 7

Dereitos e deberes do alumnado.


1. ...

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b. Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c. Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d. Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
- i. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- j. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- k. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- l. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.


NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO. CEIP SANTA BAIA

NOFC



**FOMENTEMOS
AMBIENTES
SEGUROS**



The background is a textured corkboard. A white rectangular card is pinned to it, featuring a thick orange border. On the card, there are three short, parallel diagonal lines above the main text. The text is in a bold, black, sans-serif font. Surrounding the card are various school supplies: a teal pencil with a white eraser on the left, a yellow pencil with a pink eraser below it, a black pen with a silver clip on the bottom left, a teal pencil with a white eraser on the right, and a pair of orange-handled scissors at the bottom right. A yellow ruler is positioned at the bottom of the card.

**"A EDUCACIÓN É A ARTE DE
AXUDAR A CADA INDIVIDUO A
MANIFESTAR O MELLOR DE SI
MESMO"**

Rudolf Steiner

A decorative vertical line on the right side of the page. It consists of a solid orange vertical bar with a series of black, wavy, hook-like shapes that appear to be wrapped around or attached to the bar, creating a stylized, textured effect.

GRAZAS

